

COMUNICADO 13 - CLUB SALESIANOS CORUÑA

CARREIRA ENKI

A Coruña, 8 de setembro de 2025

Benqueridas familias, benqueridas compañeiras e compañeiros e benquerida rapazada da Casa Salesiana de A Coruña:

Dende o Club Salesianos Coruña queremos sumarnos, un ano máis, a unha iniciativa solidaria que ten lugar na nosa cidade dende hai máis de 10 anos: a Carreira ENKI.

A Carreira ENKI é unha iniciativa lúdica e deportiva, non competitiva, aberta a todas as idades e que promove a inclusión e a visibilización de colectivos e persoas con diversidade funcional, así coma o respecto e a educación na diversidade.

É unha carreira de obstáculos adaptados, válida para todas as condicións (son uns 2,5 km), e un espazo de solidariedade que terá lugar o vindeiro sábado 18 de outubro, a partires das 16h (con distintas saídas segundo o número de participantes). Podedes ver máis información premendo nesta [ligazón](#).

Nós queremos aproveitar para participar como Club deportivo e como Casa Salesiana de A Coruña, para apoiar a iniciativa e tamén para visibilizarnos na cidade.

O xeito de participar xuntos é moi doado:

- ✓ Inscripción no formulario desta [ligazón](#). **Nota:** Hai que facer unha inscrición por participante, e todo menor deberá ir acompañado dunha persoa adulta (cada un co seu dorsal).
- ✓ Formalizar o pago (8€ en xeral, 6€ para persoas con diversidade funcional ou menores de 10 anos). Lembrar que o recadado na carreira ten finalidade solidaria.
- ✓ Indicarémosvos como recoller os dorsais cando nolos entreguen.
- ✓ Asistir á carreira na hora de saída indicada pola organización vestidos ou disfrazados (parrucas, etc.) coas cores do Club: vermello e negro. Alí nos atoparemos!!!

Aínda que despois poderase apuntar máis xente, pedimos que a maioría se apunte ao formulario antes do 12 de setembro, para poder comunicar á organización da carreira o número aproximado de participantes xa nesa data.

Se alguén o desexa, pode colaborar co Club encargando no mesmo formulario unha camiseta do Club (modelo vermello e negro por 10€ e modelo negro por 8€), ou unha bufanda (10€). Deixamos aquí a táboa coas medidas das distintas tallas.



Agradecidos polo voso tempo e confiados con facer posible un deporte educativo en clave salesiana, nun curso no que, máis que nunca e sobre todo o noso Club, sexamos "Protagonistas da Historia" saudámosvos agardando vernos o 19 de outubro.



A Xunta Directiva do Club